

Galego coma ti

Un home do pobo

Chinua Achebe (trad. de Begoña R. Outeiro)

Hugin e Munin, 2012, 196 páxinas, 16,50 euros

Nun eido parcialmente precario como o que continúa a ser o das traducións ao galego, a atención prestada ás literaturas africanas podería considerarse case como anecdótica. Nese sentido, é unha razón para alegría que unha editora nova como Hugin e Munin poña o ollo nunha das bandeiras do continente, Chinua Achebe, nixeriano de etnia igbo e un dos escritores imprescindíbeis para o acervo literario de calquera lingua. Ademais, a translación de Achebe formula, neste caso, unha dificultade engadida, xa que *Un home do pobo* é unha novela que trata de representar unha realidade sociolingüística na que ten gran protagonismo o pidgin, unha interlingua de emprego popular construída con retallos de varios idiomas. A aposta da tradutora, reproducindo unha variante ficticia que mestura galego e castelán nos seus trazos considerados máis populares, funciona bastante ben dentro da narración e *serve* de alerta dunha serie de cousas. A primeira, que seguramente a tradución galega está a acadar unha madurez que non se corresponde co esforzo institucional que recibiu nos últimos anos. A segunda, que *Un home do pobo* é unha novela que ten máis que ver coa nosa realidade do que parece delatar a súa afastada localización xeográfica.

A novela de Achebe formúlanos un escenario que nos trae moitas reminiscencias, e non só por presentar un contexto lingüístico complexo no que os políticos compadrecen co pobo na fala popular pero enfrontan auditorios na lingua de prestixio “porque hai alguén de fóra”, aínda que esa persoa viñese de fóra acompañándoos precisamente a eles. O escenario de *Un home do pobo* é o dunha sociedade que só moi recentemente accedeu ás formas contemporáneas da política e vive arrastrándose por elas coas costas cangadas, non só polas vellas dinámicas, senón tamén polas posibilidades que a corrupción e a demagogia populista abren nas novas.

Odili, o protagonista, é un mozo escéptico co goberno, particularmente co ministro Nanga,

un vello profesor seu que ascendeu de mestre de escola a controvertido político. No seu currículo conta cunha das crises políticas máis importantes da nova democracia, e Odili culpa ao seu partido político da inflación e os problemas económicos que atravesa o país. Durante unha recepción pública, Nanga reconece a Odili e convida a instalarse na capital, acolléndoo na súa casa. O mozo pasa a formar parte así do círculo de confianza do ministro, unha primeira fila que lle permite asistir a moitas das súas prácticas populistas e ao seu comportamento caciquil, pero no que percibe tamén os beneficios que a corrupción lle depara e dos que el está, indirectamente, a beneficiarse.

Un dos acertos máis destacábeis da novela é a forma na que prescinde dunha estrutura política firme á hora de falar das relacións entre Odili e Nanda. O mozo non se nos presenta como un idealista incorruptible, senón como un ser humano que se deixa levar polos seus intereses concretos en cada momento, fixando unha ollada máis severa ou máis indulxente sobre o líder en función das súas propias circunstancias persoais. Deste xeito non só vemos explicitada a forza do caciquismo nas actitudes de Nanda, senón que tamén asistimos á contraparte de complicidade e silencio necesarios para que esas prácticas políticas corruptas poidan existir. A evolución de Odili, dende esa complicidade cunha situación que o beneficia, até a crítica decidida á mesma, está trazada no marco dunha serie de acontecementos que a perfilan dunha forma profunda e realista.

Ao mesmo tempo, *Un home do pobo* é un relato sobre a transición xeracional e a mudanza de costumes que enfronta a unha sociedade que pasou de mediar cos colonizadores a ocupar o baleiro de poder que quedou cando estes marcharon, e os seus propios descendentes, persoas preparadas nas universidades estranxeiras e con ideas novas sobre a política, que porén non conseguen evitar quedar atados ás prácticas dos seus antecesoros e que por momentos farán as beiras ao desastre.

A novela de Achebe perfila de forma maxistral unha realidade común a moitos dos pobos que atoparon a democracia tras un longo período de opresión e que non puideron evitar que as redes de tiranías a pequena escala quedasen fixadas na súa estrutura. Unha realidade que, de non ser pola paisaxe, parecería inspirada na nosa propia terra.